

PD 2021/2022

Adaptación do sistema de avaliación para o curso 2021/2022 do Departamento de Repertorio con Instrumento de Tecla Acompañante



ADAPTACIÓN DO SISTEMA DE AVALIACIÓN DO DEPARTAMENTO DE REPERTORIO CON INSTRUMENTO DE TECLA ACOMPAÑANTE SEGUNDO A Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial no curso académico 2021/22.

Aprobado na reunión telemática do Departamento de Repertorio con Instrumento de Tecla Acompañante celebrada o día 13 de setembro de 2021.

Na actual situación de pandemia, faise necesario a adaptación dos sistemas de avaliación que figuraban nas programacións docentes das diferentes materias do Departamento de Repertorio con Instrumento de Tecla Acompañante do Conservatorio Superior de Música de Vigo no curso académico 2020-2021, tal e como xa se fixo durante o curso 2020/2021 coas PD do curso anterior. Esta adaptación foi solicitada tamén segundo a:

Resolución da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial no curso académico 2021/22,

No punto 1 da Resolución figura:

A avaliación inicial realizarase durante as primeiras semanas do curso escolar. Este proceso comprender as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, as como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise dos informes do curso anterior.*
- b) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación educativa e emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.*

A citada Resolución establece que na modalidade presencial poderán establecerse períodos de semipresencialidade, atendendo a criterios de necesidades de espazo e adecuación dos tempos, segundo se determine:

No punto 3 da Resolución figura:

1. Coa finalidade de contribuír á mellora da organización académica derivada do covid-19 poderase deseñar escenarios de semipresencialidade, cunha planificación de carácter semanal, quincenal ou mensual, promovendo o uso de metodoloxías e recursos propios da formación telemática.

2. Durante o curso 2021/22 os centros, se as circunstancias así o requiren, poderán determinar que existan no horario das respectivas ensinanzas, franxas horarias que permitan que o alumnado, sen asistir o centro educativo, poida realizar a formación de xeito telemático, cos seguintes límites:

- Ensinanzas superiores de música: ata un máximo de 12 créditos ECTS por curso, e simultaneamente ata un máximo do 50% dos créditos ECTS cos que conte a disciplina. A estes efectos non se terán en conta os créditos ECTS das prácticas curriculares, nin os das materias de música de conxunto no caso das ensinanzas superiores de música.*



4. As programacións didácticas incluírán a metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.

Esta semipresencialidade poderá realizarse semanal, quincenal ou mensualmente, segundo as necesidades do centro e os distintos escenarios socio-sanitarios derivados da pandemia COVID 19.

O ensino **non presencial** realizarase en caso dun novo confinamento ou declaración de estado de alarma.

Adaptación do protocolo de avaliación
das materias de RITA I-VIII (todas as especialidades) e Correpetición I-VIII (Canto)

Coa finalidade de establecer os diferentes sistemas de avaliación, o Departamento de Repertorio con Instrumento de Tecla Acompañante do Conservatorio Superior de Música de Vigo, decidiu trasladar ás programacións docentes os seguintes sistemas de avaliación, aplicables nas modalidades de presencial, semipresencial e non presencial:

a) AVALIACIÓN NUN ESCENARIO DE ENSINO PRESENCIAL

No caso de darse un escenario de actividade completamente PRESENCIAL seguiranse os sistemas de avaliación ordinaria, extraordinaria e alternativa establecidos nas programacións docentes de RITA e Correpetición para o curso 21-22.

b) AVALIACIÓN NO CASO DE ENSINO SEMIPRESENCIAL

No suposto de ter que pasar a un ensino SEMIPRESENCIAL, derivado dunha adaptación ou das recomendacións sanitarias que se establezan, a avaliación dos diferentes contidos establecidos nas programacións de RITA e Correpeticións poderá realizarse a través de medios telemáticos —videoconferencia e/ou gravacións de vídeo, segundo cada docente do Departamento de RITA estableza e, en calquera caso, tendo sempre en conta as posibilidades de utilización de medios telemáticos por parte do alumnado—.

O mínimo exigible nesta modalidade de ensino corresponderá ao 75% dos contidos da programación docente de ditas materias. Asimesmo, aplicaranse idénticas ponderacións que as que se recollen nas programacións para cada un dos sistemas de avaliación empregados no caso da avaliación presencial.

Valoraranse, por unha banda, as capacidades adquiridas durante o escenario presencial e, por outra, o traballo desenvolvido no semipresencial, nunha proporción que reflecta a duración temporal que tiveren cada un destes períodos.

c) AVALIACIÓN NON PRESENCIAL



No suposto de ter que pasar a un ensino NON PRESENCIAL, derivado dunha adaptación ou das recomendacións sanitarias que se establezan, a avaliación dos diferentes contidos establecidos nas programacións de RITA e Correpetición deberá realizarse a través de medios telemáticos —videoconferencia e/ou gravacións de vídeo, segundo cada docente do Departamento de RITA estableza e, en calquera caso, tendo sempre en conta as posibilidades de utilización de medios telemáticos por parte do alumnado—.

O mínimo exigible nesta modalidade de ensino corresponderá ao 50% dos contidos das programacións docentes de ditas materias. Asimesmo, aplicaranse idénticas ponderacións que as que se recollen nas programacións para cada un dos sistemas de avaliación empregados no caso da avaliación presencial.

Valoraranse, por unha banda, as capacidades adquiridas durante os períodos de ensino presencial ou semipresencial, de ser o caso, e, por outra, o traballo desenvolvido de forma exclusivamente telemática no período non presencial, nunha proporción que reflecta a duración temporal que tiveren cada un destes períodos.

No caso de non ser posible a realización de audicións públicas, esta ferramenta de avaliación será substituída pola remisión á/ao pianista acompañante dunha gravación en vídeo do repertorio que a/o alumna/o teña pactado coa/co pianista acompañante, en función da adaptación de contidos, para o cuadrimestre que sexa obxecto de avaliación. Dito envío será realizado a través dun enlace xerado a través do emprego das contas e aplicacións asociadas ao dominio @csmvigo.com.



Programación Docente de Correpetición I-VIII

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA Correpetición

ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN								ITINERARIO	CANTO
CARÁCTER	B) Obrigatoria								TIPO DE CLASES	Colectiva
DEPARTAMENTO	REPERTORIO CON PIANO								XEFE/A DO DEPARTAMENTO	Pablo Rodríguez Fernández
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	Pablo Rodríguez Fernández
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais	1
ETCS/ CUADRIMESTRE	1,5	1,5	1,5	1,5	1,5	1,5	1,5	1,5	Observacións	
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	Carlos Enrique Pérez				carlosenriquepg@csmvigo.com					

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Desenvolvemento das dimensións básicas da interpretación cun segundo instrumento. Afondamento en repertorios especializados. Comprensión da variedade de enfoques estilísticos e requirimentos asociados á interpretación que confiren a esta disciplina un carácter flexible e adaptable aos estilos e tradicións interpretativas. Preparación adecuada para a interpretación en público
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	
TRANSVERSAIS	T1, T3, T6
XERAIS	X3, X7, X13, X21, X25
ESPECÍFICAS	E11, E12, E13, E14, E10

3. Obxectivos

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS
a) Coñecer e interpretar cun nivel artístico e técnico axeitado o repertorio vocal con acompañamento orquestral mais representativo dos principais xéneros musicais vocais a través da redución pianística	Todas as competencias Transversais, Xerais e Específicas antes indicadas
b) Desenvolver o sentido de adaptación ao pulso rítmico do acompañamento vocal, da afinación e do equilibrio agóxico e dinámico, e da capacidade de comprensión e resposta ante as indicacións do director musical/pianista	T3, T6 X3, X7, X13 E11, E13, E14
c) Comprender e recoñecer a estrutura e o fraseo e articulación musical do repertorio traballado e a súa relación co texto e co concepto dramaturxico do mesmo	T1, T3 X3, X21 E11, E12, E14, E10
d) Valorar a importancia do coñecemento tanto da parte instrumental/solística como da orquestral/pianística para acadar un resultado óptimo na interpretación	T3 X3 E11, E12
e) Adquirir os criterios propios, a sensibilidade artística e as capacidades precisas para interpretar o repertorio traballado, aplicando conceptos estéticos, estilísticos e musicais e solventando os problemas técnicos e interpretativos plantexados	Todas as competencias Transversais, Xerais e Específicas antes indicadas

4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
I	Práctica do repertorio da materia de correpetición	17
II	Adaptación e equilibrio entre solista/s e acompañamento orquestral/pianístico 2.1 Balance sonoro - 2.2 Equilibrio musical - 2.2.1 Equilibrio dinámico e planos sonoros - 2.2.2 Equilibrio agóxico - 2.2.3 Equilibrio vocal e musical - 2.3 Afinación, timbre e recursos vocais para o equilibrio de conxunto - 2.4 Pulso e ritmo - 2.5 Deseño polifónico e contrapuntístico	17



III	Técnicas e conceptos fundamentais de interpretación musical dos xéneros que se relacionan para cada cuadrimestre:	I	Xénero operístico e o oratorio do barroco, e preclasicismo.	3.1 Características estilísticas e interpretativas - 3.2 Estructuras formais e harmónicas características - 3.3 Fraseo, métrica e articulación - 3.4 Desenvolvemento dramático-vocal do personaxe - 3.5 O libreto operístico e o sentido dramaturxico do texto. - 3.6 Recursos e indicacións expresivas, respiracións e silencios - 3.7 Comprensión global da obra musical. 3.8 Variacións melódicas rítmicas e armónicas na Aria da Capo	17
		II	Óperas de W.A.Mozart e clasicismo	Ademais dos puntos mencionados do apartado 3.1 ao 3.7: 3.8 A vocalidade mozartiana - 3.9 A Triloxía de Da Ponte e as derradeiras óperas	
		III	G. Rossini: Características vocais, musicais e teatrais. A renovación do Xénero buffo. Ópera seria e semiseria. Melodía e ornamentación. O belcantismo e o humor rossiniano.	Ademais dos puntos mencionados do apartado 3.1 ao 3.7: 3.8 Recitativo secco e accompagnato ou stromentato	
		IV	Belcantismo operístico e na ópera buffa da primeira metade do XIX. G. Donizetti e V. Bellini.	Ademais dos puntos mencionados do apartado 3.1 ao 3.7: - 3.8 Canto spianato e sillabato. 3.9 Vocalidade neobelcantista	
		V	O renovado espírito romántico: C.M. Von Weber. O romanticismo operístico italiano. Tradición, renovación e ruptura: G. Verdi, S. Mercadante	Ademais dos puntos mencionados do apartado 3.1 ao 3.7: 3.8. O Drama verdiano e a súa nova vocalidade.	
		VI	A Ópera romántica francesa: Grand Opera, Opereta e Opera comique. O drama musical wagneriano.	Ademais dos puntos mencionados do apartado 3.1 ao 3.7: 3.8. A vocalidade francesa -3.9 Técnica do leitmotiv - 3.10 A vocalidade e a nova linguaxe wagneriana.	
		VII	A Ópera no remate do XIX e no comezo do XX: Do verismo ao modernismo. Postwagnerianismo. Puccini e a "Giovane scuola": Leoncavallo, Mascagni, Cilea, Giordano,...	Ademais dos puntos mencionados do apartado 3.1 ao 3.7: 3.8 A vocalidade verista	
		VIII	A Ópera no S.XX. O verismo fora de Italia. O antinaturalismo. O expresionismo e a segunda Escuela de Viena. Importancia e influencia de R.Strauss. A ópera despois de 1945.	Ademais dos puntos mencionados do apartado 3.1 ao 3.7: 3.8 Novas propostas vocais e musicais da música do s. XX	
IV	A xestualidade na dirección orquestral:	Comprensión e resposta (tempo, matices, entradas, ...)	17		
V	Interpretación en audición ou concerto público			2	
Total de sesións por cuadrimestre				19	

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clases Prácticas	17		17
Audicións cuatrimestrais	2		2
Traballo persoal		26	26
Total de horas por cuadrimestre			45

6. Avaliación

ORDINARIA

CONTÍNUA	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
FERRAMENTAS			
Traballo persoal	a) Amosar o sentido de adaptación ao pulso rítmico do acompañamento vocal, da afinación e do equilibrio agónico e dinámico b) Amosar a capacidade de comprensión e recoñecemento da estrutura, fraseo e articulación musical do repertorio traballado e a súa relación co texto e co concepto dramaturxico do mesmo. c) Amosar o coñecemento axeitado tanto da parte instrumental/solística como da orquestral/pianística para acadar un resultado óptimo na interpretación. d) Amosar a capacidade de comprensión e resposta ante as indicacións do director musical/pianista.	60%	T1, T3, T6, X3, X13, X21, X25, E11, E12, E14
Audición pública	Interpretar cun nivel artístico e técnico axeitado tres fragmentos do repertorio vocal con acompañamento orquestral mais representativo dos principais xéneros musicais vocais traballados en clase, a través da redución pianística, amosando a asimilación e aplicación dos conceptos e recursos estudados e a capacidade do alumnado de desenvolvelos con sensibilidade e individualidade artística. O repertorio operístico deberá ser interpretado de memoria	40%	Todas
ALTERNATIVA	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
FERRAMENTAS			
Audición pública	O alumno/a deberá interpretar en exame de carácter público cinco fragmentos escollidos polo profesor de un total de 8 números completos presentados e que figuren dentro do	100%	Todas



	repertorio referenciado no apartado 8 da presente guía docente. O programa será interpretado de memoria e os contidos mínimos para superar a materia son os sinalados no apartado 4.2, 4.3 e 4.4 da presente Guía docente.		
--	--	--	--

* As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) supondrán a perda ao dereito á avaliación continua. Cando iso ocorra, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo establecido. (CONSULTAR AVALIACIÓN ALTERNATIVA CO PROFESOR/A DA DISCIPLINA)

EXTRAORDINARIA

FERRAMENTAS	CRITERIOS	PONDERACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS
Audición pública	O alumno/a deberá interpretar en exame de carácter público cinco fragmentos escollidos polo profesor de un total de 8 números completos presentados e que figuren dentro do repertorio referenciado no apartado 8 (Referencias básicas) da presente guía docente. O programa será interpretado de memoria e os contidos mínimos para superar a materia son os sinalados no apartado 4.2, 4.3 e 4.4 da presente Guía docente.	100%	Todas

ERASMUS

Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.

MEDIDAS DE ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN MOTIVADAS POLA EXCEPCIONALIDADE SANITARIA

1. Aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior e plan de reforzo

O/a docente valorará a conveniencia da revisión e/ou reforzo dos contidos correspondentes aos cuatrimestres II, IV, VI e VIII da disciplina de Correpetición. De estimarse necesarias, estas actividades levaranse a cabo reservando a tal fin parte do tempo das clases do primeiro cuatrimestre e convocando as audicións oportunas para cumprir o requerimento de presentación pública. De levarse a cabo, este traballo será tido en conta no seguemento da avaliación continua por parte da/do docente da materia

2. Modificacións na avaliación no caso dun escenario non presencial

No caso de non ser posible a realización de audicións públicas, esta ferramenta de avaliación será substituída por unha gravación en vídeo que a/o alumna/o remitirá á/ao docente da materia dentro do prazo que se estableza. Na mesma a/o alumna/o interpretará o repertorio íntegro que teña asignado no cuatrimestre que sexa obxecto de avaliación. Dito envío efectuarase a través dun enlace xerado a través do emprego das contas e aplicacións asociadas ao dominio @csmvigo.com.

A avaliación continua só será aplicable nas convocatorias ordinarias, exclusivamente ao período no que tivera sido posible a actividade presencial e unicamente nos casos nos que o alumnado non tivera decaído do seu dereito a aquela por mor da acumulación de faltas de asistencia. De aplicarse a avaliación continua nas convocatorias ordinarias, o peso outorgado á mesma será idéntico ao establecido para o escenario presencial (40%).

En calquera outro caso, a avaliación da materia realizarase exclusivamente a partir da gravación en vídeo do repertorio do cuatrimestre, que substituirá á preceptiva audición pública con idéntica ponderación (100%).

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberánse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

8. Bibliografía, materiais e documentos

REFERENCIAS BÁSICAS

I	Material didáctico: Bach, Johan Sebastian. Misa en Fa M BWV233; Misa en La M BWV234; Misa en Sol m BWV235; Misa en Sol M BWV236; Pasión según S.Mateo BWV244; Pasión según S.Juan BWV245; Oratorio de nadal BWV248 Händel, George F. El Mesías HW56; Judas Maccabeus HW63; Samson HW57; Óperas (Giulio Cesare, Rinaldo, Alcina,...) Purcell, Henry. Dido y Eneas Vivaldi, Antonio. Óperas (Griselda, Tito Manlio,...) Pergolesi, Giovanni B. Stabat Mater; La Serva Padrona Cimarosa, Domenico. Il Matrimonio segreto Paisiello, Giovanni. Nina o sia La pazza per amore Martín y Soler, Vicente. Una Cosa rara; L'Arbore di Diana
II	Material didáctico: Boccherini, Luigi. Stabat Mater Haydn, Joseph. A Creación Hob.XXI:2; As estacións Hob.XXI:3; L'infedelta delusa Hob.XXVIII:5; Lo speciale Hob.XXVIII:3; Il mondo della luna Hob.XXVIII:7; La vera costanza Hob.XXVIII:8; L'isola disabitata Hob.XXVIII:9; La Fedelta premiata Hob.XXVIII:10



	Glück, Christoph W. Orfeo ed Euridice; Ifigenia en Tauride; Ifigenia en Aulide; Alceste Mozart, Wolfgang A. Bastien und Bastienne Kv.50; Mitridate, Re di Ponto Kv.81; Il Re pastore Kv.208; Idomeneo, re di Creta Kv.366; As Bodas de Figo Kv.492; Don Giovanni Kv.527; Così fan tutte Kv.588; Clemenza de Tito Kv.621; A Frouta máxica Kv.620; Arias de concerto para voz e orquestra
III	Material didáctico: Donizetti, G., Don Pasquale, L'elisir d'amore, Il campanello di note, L'ajo nell'imbarazzo, Le convenienze ed inconvenienze teatrali, Betty, Il giovedì grasso... Paisiello, G., L'inganno felice, Il Barbiere di Siviglia, La pazza per amore Rossini, G. Il Barbiere di Siviglia, La scala di seta, La cambiale di matrimonio, L'occasione fa il ladro, La Italiana en Argel, La cenerentola, Il signor Bruschino
IV	Material didáctico: Auber, D-F.E., Fra Diavolo, Le domino noir, Les diamants de la couronne Bellini, V., I Capuleti e i Montecchi, La straniera, Adelson e Salvini, Bianca e Fernando Boieldieu, F-A. La Dame Blanche, Le Calife de Bagdad Donizetti, G., Don Pasquale, L'elisir d'amore, Il campanello di note, L'ajo nell'imbarazzo, Le convenienze ed inconvenienze teatrali, Betty, Il giovedì grasso... Weber, C.M, Abu Hassan
V	Material didáctico: Weber, C.M. Der Freischütz, Oberón, Euryanthe Mercadante, S. Il Giuramento, Orazi e Curiazi, Zaira, I Due Figaro. Verdi, G. Oberto, Aroldo, Stiffelio, Un giorno di regno, Il Corsaro, Luisa Miller, ...
VI	Wagner, R. Rienzi, Die Feen, Tannhauser, Lohengrin, O Holandés errante. Meyerbeer, G. Les Huguenots, L'Esule di Granata, Le Prophete. Offenbach, J. Les Brigands, La Perichole, Orphee aux enfers, La Belle Hélène Boieldieu, F-A. La Dame Blanche, Le Calife de Bagdad Halevy, J.F. La Juive Gounod, Ch. Faust, Romeo et Juliette, La colombe. Bizet, G. La Jolie fille de Perth, Les Pecheurs de perles, Dr.Miracle. Massenet, J. Manon, Herodiade, Le roi de Lahore
VII	Material didáctico: Puccini, G.: Edgar, Le Villi, Manon Lescaut, La Rondine, Suor Angelica, Gianni Schicchi, Il Tabarro,... Mascagni, P.: Cavalleria Rusticana, L'amico Fritz, Iris, Lodoletta, Zanetto. Leoncavallo, R.: La Boheme, Pagliacci, Zazá Cilea, F.: L'Arlesiana, Adriana Lecouvreur Giordano, U.: Siberia, Fedora, Andrea Chenier Catalani, A.: La Wally, Loreley
VIII	Material didáctico Strauss, R. Arabella, Der Rosenkavalier, Ariadne auf Naxos,... Fallá, M. La vida Breve, El Amor Brujo Schönberg, A. Erwartung, Die Glückliche hand, Pierrot Lunaire Berg, A. Wozzeck Korngold, E.: Die Tote Stadt. Das Wunder der Heliane Janacek, L. Jenufa Wolf-Ferrari, E. Amelia al ballo, Il segreto di Susanna, Il Campiello Menotti, G.C. The Telephone, Amal and the night visitors, The old maid and the Thief Bernstein, L. Candide, Trouble in Tahiti Gershwin, G. Porgy & Bess Shostakovich, D. La Nariz. Poulenc, F. Dialogues des Carmélites Britten. B. Peter Grimes, Billy Budd, The little swepp, Albert Herring Prokofiev, S. O amor das tres laranxas, O Xogador
REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS	
I	Bukofzer, Manfred F, La Música en la época barroca: de Monteverdi a Bach. Alianza Editorial. Col Alianza música, Madrid, 2009 Rosen, Charles. El Estilo Clásico: Haydn, Mozart, Beethoven. Alianza Ed., Madrid, 1986 Downs, Philip G. La música clásica: la era de Haydn, Mozart, Beethoven. Akal Ed., 1998 Sadie, Stanley (ed.) . New Grove Dictionary of Opera (4Vols).. Londres. Grove Publications, 1998, Referencias y documentos web y Video/audio diversos
II	Rosen, Charles. El Estilo Clásico: Haydn, Mozart, Beethoven. Alianza Ed., Madrid, 1986 Downs, Philip G. La música clásica: la era de Haydn, Mozart, Beethoven. Akal Ed., 1998 Sadie, Stanley (ed.) . New Grove Dictionary of Opera (4Vols).. Londres. Grove Publications, 1998, Referencias y documentos web y Video/audio diversos.
III	Leibowitz, R. Historia de la ópera, Taurus, Madrid 1990 Rossi della Riva, Giuseppe), Aclaraciones sobre la escuela italiana del "bel canto", Buenos Aires: Ricordi. 1955 Manén, Lucie , Bel Canto, F.Noetzel. 1986 Osborne, R. Rossini, Vergara, Barcelona 1988 Senici, E., The Cambridge companion to Rossini, Cambridge University press 2004 Sadie, Stanley (ed.) . New Grove Dictionary of Opera (4Vols).. Londres. Grove Publications, 1998, Referencias y documentos web y Video/audio diversos



IV	<p>Leibowitz, R. Historia de la ópera, Taurus, Madrid 1990</p> <p>Rossi della Riva, Giuseppe), Aclaraciones sobre la escuela italiana del "bel canto", Buenos Aires: Ricordi. 1955</p> <p>Manén, Lucie , Bel Canto, F.Noetzel. 1986</p> <p>Osborne, Ch., The Bel canto operas, Methven, Londres 1994</p> <p>Sadie, Stanley (ed.) . New Grove Dictionary of Opera (4Vols).. Londres. Grove Publications, 1998, Referencias y documentos web y Video/audio diversos</p>
V	<p>Leibowitz, R. Historia de la ópera, Taurus, Madrid 1990</p> <p>Kimbell, David. Verdi in the age of the Italian romanticism.Cambridge Univ.Press.1985</p> <p>Harwood, G.W.G.Verdi:A research and information guide.Routledge Music. 2012</p> <p>Sadie, Stanley (ed.) . New Grove Dictionary of Opera (4Vols).. Londres. Grove Publications, 1998, Referencias y documentos web y Video/audio diversos</p>
VI	<p>Leibowitz, R. Historia de la ópera, Taurus, Madrid 1990</p> <p>Barbier,P. Opera in Paris 1800-1850, Amadeus Press, 1995.</p> <p>Lacombe, H. les voies de l'opéra français au XIX siecle. Fayard, Paris, 1997</p> <p>Millington, B.The New Grove Guide to Wagner and his operas. OUP United States.2006</p> <p>Sadie, Stanley (ed.) . New Grove Dictionary of Opera (4Vols).. Londres. Grove Publications, 1998, Referencias y documentos web y Video/audio diversos</p>
VII	<p>Mallach, A. The Autumn of Italian Opera: From Verismo to Modernism, 1890-1915. Northeastern University Press., New England, 2007</p> <p>Wilson, A.: The Puccini Problem: Opera, Nationalism, and Modernity . Cambridge University Press, Cambridge, 2007</p> <p>Sadie, Stanley (ed.) . New Grove Dictionary of Opera (4Vols).. Londres. Grove Publications, 1998, Referencias y documentos web y Video/audio diversos</p>
VIII	<p>Morgan, R.P. La Música del S.XX, Akal ed. Madrid, 2000</p> <p>Cooke, M. (ed.). The Cambridge Companion to Twentieth-Century Opera. Cambridge Univ. press. Cambridge, 2006</p> <p>Sadie, Stanley (ed.) . New Grove Dictionary of Opera (4Vols).. Londres. Grove Publications, 1998, Referencias y documentos web y Video/audio diversos</p>



Programación Docente de Repertorio con Instrumento de Tecla Acompañante I-VIII

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro e 171/2016, do 24 de novembro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA Repertorio con Instrumento de Tecla Acompañante (RITA)

ESPECIALIDADE	Interpretación								ITINERARIO	Corda, Vento Madeira, Vento Metal
CARÁCTER	Obrigatoria								TIPO DE CLASES	Individual
DEPARTAMENTO	Repertorio con Instrumentos de Tecla Acompañante								XEFE/A DO DEPARTAMENTO	Pablo Rodríguez Fernández
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	Pablo Rodríguez Fernández1
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais	1
ETCS/ CUADRIMESTRE	1	1	1	1	1	1	1	1	Idiomas	Español, Galego, English
DOCENTES	NOME E APELIDOS					MAIL/TEL/WEB				TITORÍA
	Alejo Amoedo Portela					alejo@csmvigo.com				
	Lilián De Arredondo Cuéllar					liliandearredondo@csmvigo.com				
	José Agustín Candisano Mera					joseagustin@csmvigo.com				
	José Manuel Fernández González					josemanuelfernandez@csmvigo.com				
	Severino Ortiz Rey					severinoortiz@csmvigo.com				
	Carlos Enrique Pérez Gómez					carlosenriquepg@csmvigo.com				
	Constantino Pérez Muras					constantinoperez@csmvigo.com				
	Pablo Rodríguez Fernández					pablo.rodriguez@csmvigo.com				Mércores, 13:00

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Desenvolvemento das dimensións básicas da interpretación con acompañamento pianístico, afondando en repertorios específicos da propia especialidade instrumental. Comprensión da variedade de enfoques estilísticos e requirimentos asociados á interpretación que confiren a esta disciplina un carácter flexible e adaptable aos distintos instrumentos, á voz e aos estilos e tradicións interpretativas. Preparación adecuada para a interpretación en público.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas no cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	Apoio da materia de Instrumento dos diferentes itinerarios
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS	T3, T6, T13
COMPETENCIAS XERAIS	X2, X3, X11, X19, X21
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS	E11, E13, E14, E15, E10

3. Obxectivos

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
a. Coñecer as características estilísticas, estéticas e a tradición interpretativa das pezas para instrumento solista e orquestra máis salientables do itinerario instrumental que estea a cursar o alumno, coa super visión e o apoio do pianista acompañante.	Todas
b. Desenvolver as técnicas de interpretación solista piano concer tante ou con acompañamento da par te orquestral reducida a piano.	Todas
c. Practicar o reper torio a dúo con piano ou piano concer tante, a través da redución da par te orquestral a acompañamento pianístico.	Todas



d. Interpretar en público o repertorio traballado nos ensaios, cunha calidade válida e amosando entidade artística.	Todas
e. Desenvolver a capacidade de traballo en grupo, de compromiso e optimización do esforzo.	Todas
f. Desenvolver a sensibilidade auditiva como medio para actuar sobre a calidade da interpretación.	T [3, 6, 13] X [3] E [1, 3, 4, 5]
g. Valorar a importancia do coñecemento tanto da parte instrumental/solista como da pianística/orquestral para acadar un resultado óptimo na interpretación.	T [3, 13] X [3, 11] E [1, 5]

4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Práctica do repertorio con acompañamento pianístico asignado á materia de RITA		5
2. Desenvolvemento da audición interna aplicada á interpretación do repertorio con piano acompañante.	2.1. Audición polifónica 2.1.1. Discriminación das partes. 2.1.2. Audición do conxunto 2.2. Audición estrutural 2.2.1. Procesos armónicos 2.2.2. Procesos formais 2.2.3. Características da textura 2.3. Procedementos performativos 2.3.1. Interiorización do pulso e o tempo 2.3.2. Métrica e articulación 2.3.3. Sensibilidade e control da afinación e do timbre 2.3.4. Independencia dos planos sonoros	4
3. Técnicas de interpretación	3.1. A atitude do solista na interpretación. 3.2. Xestualidade axeitada á comunicación da intención musical. 3.3. Interacción e reacción na interpretación a dúo. 3.4. Fluidez e permeabilidade agóxica entre os intérpretes. 3.5. Rigor na pulsión rítmica entre os intérpretes. 3.6. Diferenciación entre os roles solístico e camerístico. 3.7. Coñecemento profundo do texto musical na súa totalidade. 3.8. Diferencia entre a realización orquestral e a realización pianística das obras concertantes 3.9. Adecuación da afinación ao temperamento do piano. 3.10. Modos de ataque e articulación	5
4. Interpretación en público		2
Total de sesións por cuadrimestre		16

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clases presenciais	14	-	14
Traballo persoal	-	14	14
Audición	2	-	2
Total de horas por cuadrimestre			30

6. Avaliación

